

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE XUÑO DE 2021**

Ás 10:10 horas do día 7 de xuño de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 2 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2, 4, 5a, 5b, 6a e 6b)  
D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 5c e 6c)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

## **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoca" (856-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
  2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
4. ORECO, S.A.U.
5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
7. UTE SERANCO, S.A. - ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)
8. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)" (760-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
  2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
  3. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
  4. NAROM, S.L.
  5. OCISAT, S.L.

**3.- Apertura administrativa e económica**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 27 de maio de 2021, o 31 de maio, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

- CODISOIL, S.A.
- ESERGUI DISTESER, S.L.
- GASÓLEOS AMIGO, S.L.

Dos anteriores licitadores, ningún presentaron documentación en prazo, polo que a Mesa acorda, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



1. Non admitir neste procedemento a CODISOIL, S.A., ESERGUI DISTESER, S.L. e GASÓLEOS AMIGO, S.L. por non ter emendado a documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto.
2. Formular a seguinte proposta para declarar deserto o procedemento:

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213).

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 7 de maio de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 24 do mesmo mes.

**Terceiro.-** Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación con data do 27 de maio de 2021 procedeu á apertura do sobre que contén a documentación persoal e a proposición avaliable mediante fórmula e acordou, á vista da documentación presentada, "conceder un prazo de tres días aos tres licitadores presentados para que poidan emendar a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

- *CODISOIL, S.A.: deberá presentar un novo DEUC porque o presentado está incompleto (só constan as páxinas impares) e non se pode comprobar se concorre con solvencia de terceiros (parte II), se cumpre ou non todos os motivos de exclusión (parte III) así como os criterios de selección (parte IV). Así mesmo, deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I - FEC-.*
- *ESERGUI DISTESER, S.L.: deberá presentar un novo DEUC porque no presentado non consta que posúa a habilitación profesional esixida no PCAP. Para os efectos de*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*facilitarlle a cumprimentación deste documento indícase que pode declarar esta circunstancia respondendo afirmativamente á pregunta da parte IV "Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos".*

- *GASÓLEOS AMIGO, S.L.: deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-".*

Rematado o prazo concedido para a emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, ningún dos licitadores presentou documentación, polo que a Mesa acordou, por unanimidade, "non admitir neste procedemento a CODISOIL, S.A., ESERGUI DISTESER, S.L. e GASÓLEOS AMIGO, S.L. por non ter emendado a documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto".

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que a Mesa de Contratación acordou non admitir a ningún dos licitadores presentados por non ter emendado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido para o efecto, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*"Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de suministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir a ningún dos licitadores presentados por non ter emendado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido para o efecto".*

## 4.- Apertura da documentación técnica

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoa" (856-441)

Procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 4 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Purificación Saavedra, fase II (entre travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)" (760-441)**

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-441)**

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial de Fomento, o técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 1 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)**

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial de Fomento, o técnico medio en Topografía, a técnica media de Obras Públicas e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 2 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como o informe que rectifica o anterior de data 4 de xuño de 2021.

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe do 4 de xuño.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307)**

Entrégase o informe asinado pola xefa de Electromecánicos e Aforro Enerxético o 1 de xuño de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Rehabilitación de edificación para centro de formación na rúa Alta, nº23" (803-**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 5 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CONSTRUCCIONES OREGA CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	673.599,24 €
2	ORECO, S.A.U.	635.395,10 €
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	590.742,72 €
4	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	680.186,16 €

Asiste á sesión D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar, con DNI **\*\*.\*13.54\*** en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Colombia, fase 2" (771-441)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	589.469,29 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	586.097,46 €
3	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	632.703,52 €
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	586.921,68 €
5	ORECO, S.A.U.	628.057,91 €
6	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	633.902,40 €
7	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	598.310,95 €
8	UTE SERANCO S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	588.719,99 €
9	VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	654.729,35 €
10	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	565.941,46 €

Asisten á sesión D. Felipe Carrascosa Hernández con DNI **\*\*.\*09.54\*** en representación de CIVIS GLOBAL S.L.U, D<sup>a</sup>. Alejandra Anca Seoane, con DNI **\*\*.\*02.18\***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., e D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar, con DNI **\*\*.\*13.54\*** en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	206.228,18

Asisten á sesión D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar, con DNI \*\*. \*13.54\* en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN e D<sup>a</sup>. Alejandra Anca Seoane, con DNI \*\*. \*02.18\*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Ao abeiro dos criterios previstos no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP, compróbase que a baixa do licitador non contén valores anormais, polo que, de conformidade coa cláusula 16.3 do prego, outórgaselle a máxima puntuación por ser o único licitador admitido (100 puntos).

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador pola súa proposición avaliable mediante xuízo de valor, a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91 puntos	100 puntos	191 puntos

Aplicando os coeficientes de ponderación recollidos no apartado 7 do citado Anexo I, as puntuacións finais son as seguintes:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	27,30 puntos	70 puntos	97,30 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,30 puntos



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA JOSÉ RIVAS” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €) asinado dixitalmente en data 12 de maio de 2018.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de outubro 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO OITENTA E SETE MIL NOVECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (187.943,64 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 32.618,32 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARÚAS, COOFINANCIADO DEPUTACIÓN).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. por conter a súa oferta valores anormais e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada José Rivas" (653-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	95,31
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95,01
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,08
4	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	91,72
5	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,54
6	DESMACO, S.L.	81,28

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (B-27.815.182), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., o día 18 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 28 de maio, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 3 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. para os efectos de que puidese emendar a documentación presentada mediante a presentación do anexo IV do PCAP esixido na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Durante o prazo concedido o licitador presentou o anexo IV ao PCAP.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 7 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de abril e 12 de maio de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 10 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de maio de 2021, de ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. por conter a súa oferta valores anormais e non ter presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.
2. Adxudicar a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (B-27.815.182) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada José Rivas" (653-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 139.134,75 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.147,35 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) (lotes 1 e 2)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) (lotes 1 e 2)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 31 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 11 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "MELLORA DE FIRMES EN VIAIS DO RURAL. FASE II. LOTE 1 NORTE. LOTE 2 ESTE. LOTE 3 SUR", redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.000.000,00 €).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 05/03/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 173.553,72 €, e sendo o reparto por lotes o seguinte:

- Lote 1 Vigo Norte: CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL CORENTA EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (424.040,25 €), cun IVE de 73.593,76 €.
- Lote 2 Vigo Este: TRESCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CENTO NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (392.190,57 €), cun IVE de 68.066,13 €.
- Lote 3 Vigo Sur: CENTO OITENTA E TRES MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (183.769,18 €), cun IVE de 31.893,82 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.2100004 (PLAN RENV. FIRMES PARROQUIAS, DEPUTACIÓN), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	1,000,000.00 €
TOTAL	1,000,000.00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 Vigo Norte:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,55
2	NAROM, S.L.	92,37





3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	89,17
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	89,07

- Lote 2 Vigo Leste

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	94,21
2	NAROM, S.L.	93,27
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	92,43
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	91,06

**Segundo.-** Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) (lotes 1 e 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o día 31 de maio de 2021, que presenta a documentación requirida o 4 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 7 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 13 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 18 e 24 de maio de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do lote 1 é de 327.613,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.858,54 euros.
- b) O prezo total do lote 2 é de 303.712,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 52.710,41 euros.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 19:55	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6A34E-CCDD21-584543-JGYQPP-Z23MMG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		